



ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder a aprobar a corrección de erros no acordo de aprobación da segunda fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal Adicional 2/2024 2ª Fase do POS Adicional 2024 así como a necesidade así como a necesidade de proceder a aceptar a execución do Plan de Infraestruturas Rurais (PIR), e de ver a necesidade de proceder a aprobar diferentes modificacións de crédito que non cabe demorar para a seguinte sesión ordinaria xa que logo non entrarían xa en vigor dentro do exercicio orzamentario do ano 2024. Considerando que tales asuntos non poden demorar ao seguinte pleno ordinario.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 05/11/2024

Hora: 15:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 15:00 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar se procede a declaración de non dispoñibilidade de créditos 01/2024 (EXP. 2024/X999/000602).

2.-Aprobar se procede a declaración de non dispoñibilidade de créditos 02/2024 (EXP. 2024/X999/000621).

3.-Aprobar se procede inicialmente a modificación do saldo de compromiso de ingresos 01/2024 (EXP. 2024/X999/000603).

